

ORDEN de 27 de diciembre de 2022 de modificación de la Orden de 20 de mayo de 2022 por la que se aprueba el calendario escolar para el curso 2022/23 en los centros docentes sostenidos con fondos públicos en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Tal como indica dita orde, a sesión de avaliación final do alumnado de educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do 22 de xuño de 2023 e deberá coincidir coa sesión da 3ª avaliación parcial.

Os centros deberán garantir que os departamentos didácticos realicen ao longo do curso, no seu caso, as distintas actividades de recuperación para o alumnado que non superase algunha parte da materia ou ámbito e en todo caso sempre antes da data establecida para a 3ª avaliación e a final.

G) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

➤ 2º da ESO MÚSICA

Contidos prácticos:

Entendendo por tales os seguintes: práctica e interpretación e improvisación vocal e instrumental, movemento, coreografía e danza, exercicios prácticos de audición activa (ditados) e exercicios de lectura musical.

Contidos teóricos: son os contidos de cultura musical e historia da música, de linguaxe musical e harmonía, de composición, de análise de audicións e partituras. Estes avaliaranse con probas escritas como exercicios escritos da práctica da linguaxe musical, de análise de partituras e audicións, de traballos individuais ou por grupos dos contidos teóricos da materia.

A nota obterase coas seguintes porcentaxes:

- **Contidos prácticos:** Puntuarase de 0 a 10 as probas de interpretación vocal e instrumental, movemento, coreografía e danza, exercicios prácticos de audición, lectura musical, improvisación instrumental e vocal. Avaliaranse con táboas de indicadores específicas. Sendo logo un **60% da nota**.
- **Contidos teóricos:** Puntuarase de 0 a 10 as probas (exames ou traballos con exposición oral) de contidos de historia da cultura musical, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical. Avaliaranse con probas escritas ou con táboas de indicadores específicas. Sendo logo un **40% da nota**.

Importante:

- É indispensable acadar un 5 como mínimo para superar a materia.
- Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase á nota enteira inferior, se están por enriba de 0.5 tenderase á nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a cualificación seá 7; se a media é 7.7 a nota será 8
- A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:
 - 1º Trimestre: 30%
 - 2º Trimestre: 40%
 - 3º Trimestre: 30%

➤ CRITERIO DE CUALIFICACIÓN PARA OS CONCERTOS DO ALUMNADO NA ESO E NO BACHARELATO

- Puntuarán ata 2 puntos como máximo dos 10 da nota final do apartado de contidos prácticos ou de interpretación.
- A participación na Orquestra do IES, en concertos ou actuacións fóra de horario esixe un esforzo a maiores para o alumnado implicado, dado que a música é unha disciplina que ten unha proxección importantísima cara ao público, é a súa esencia. Considérase que ser “intérpretes/músicos” é unha experiencia estupenda para a formación do alumnado, porque por unha banda pecha o ciclo de todo o traballo de práctica na aula, e por outra supón unha inxección de autoestima importantísima nestas idades. Pero sobre todo, prepara ao alumnado cara ao futuro, desenvolvendo a habilidade de afrontarse a probas semellantes.

➤ CRITERIOS XERAIS NAS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

○ Actividades de recuperación

O departamento de música facilitará ao longo do curso ao alumnado da ESO as actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados.

Estas actividades poderán ser de dous tipos segundo o caso:

- Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.
- Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

Segundo os dous bloques de contidos da materia serán:

Contidos teóricos

1. Exercicios escritos de linguaxe musical que desenvolvan os contidos impartidos no curso, nos que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.
2. Exercicios escritos de análise de audicións ou partituras sinxelas que desenvolvan os contidos impartidos no curso, nos que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.
3. Exercicios escritos de cultura musical ou historia da música que desenvolvan os contidos impartidos no curso, nos que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.

Contidos prácticos de lectura rítmica, melódica e interpretación instrumental/orquestral

1. Práctica da lectura rítmica/melódica de exercicios sinxelos, estudados previamente ou a primeira vista, que conteñan as células rítmicas impartidas nas que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.
2. Práctica da lectura de exercicios sinxelos, estudados previamente ou a primeira vista en clave de Sol coa tesitura traballada no curso, nos que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.
3. Estudo e repaso individual das pezas de interpretación instrumental/vocal e de práctica orquestral (co resto do alumnado do grupo) das pezas estudadas, nas que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.

Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos

O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións parciais ou final seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación:

1. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, sendo logo un 60% da nota final.
2. Contidos teóricos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de recuperación dos contidos de cultura musical e historia da música, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 40% da nota final.

○ **ESTRUTURA DA PROBA FINAL 2º ESO**

O alumnado que non poida superar o curso coas actividades de recuperación poderá superalo a través dunha proba específica que contemple os mínimos do curso.

A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluírá os contidos teóricos e prácticos. A cualificación final da materia de música obterase coa suma das notas obtidas das porcentaxes dous apartados de contidos teóricos e prácticos.

Contidos teóricos. 40% da nota da cualificación final. A cualificación final deste bloque de contidos obterase coa media aritmética da proba de análise e da de linguaxe musical .

1. *Análise dunha melodía popular/infantil onde* o alumnado poida descubrir e explicar todos os contidos relativos á harmonía, á forma, á melodía, á linguaxe musical axeitados ao seu nivel. 10 PUNTOS
2. *Proba de preguntas (exercicios)* sobre os contidos mínimos do curso. 10 PUNTOS
Exemplos: o exame poderá ter estas ou similares preguntas sobre os *contidos de linguaxe musical*: O exame puntuará de 0 a 10
 - Exercicio para completar usando figuras/ silencios/puntillo: 2/4 , 3 /4 ou 4/4. (2 puntos)
 - Exercicio para pór liñas divisorias: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4 ou 6/8. (1 punto)
 - Cantos pulsos duran os seguintes esquemas rítmicos? Exercicio de contar pulsos de subdiv. binaria das células rítmicas dadas. (1 punto)

- Cuestión: Pon o compás correspondente a un exercicio de 2 compases: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4, ou 6/8 (1 punto)
- Exercicio de pór o nome as notas en clave de Sol. Exercicio de pór o nome as notas no pentagrama, segundo a nota de partida exercicio de debuxar os 3 signos de clave os 7 usos (1 punto)
- Exercicio de pór células rítmicas a palabras ou viceversa. (1 punto)
- Exercicio de riscar as células rítmicas que sobran nun fragmento de 4 compases: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4. (0,5 puntos)
- Define estes compases (0,5 puntos) Exemplo:

2/4	<ul style="list-style-type: none"> • Compás de subdivisión..... 	<ul style="list-style-type: none"> • 4 por compás
6/8	<ul style="list-style-type: none"> • Compás..... de subdivisión..... 	<ul style="list-style-type: none"> • 6 por compás

- Compón unha melodía de 8 compases en Do M usando células rítmicas ata semicorchea, compás de subdivisión binaria. (2 puntos)

Contidos prácticos. 60% da nota da cualificación final. A cualificación final deste bloque de contidos obterase aplicando a porcentaxe indicada á suma das notas das dúas probas de interpretación. *Probas prácticas de interpretación instrumental.* (fruta, placas ou outro). 10 PUNTOS

1. Interpretación instrumental a solo de 1 peza, das estudadas ao longo do curso, atendendo á lectura da partitura, 5 puntos
2. Interpretación instrumental con acompañamento de piano de 1 peza, das estudadas ao longo do curso, atendendo á lectura da partitura, 5 puntos.

Terase en conta o seguinte:

Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. Descontarase 0.25 puntos por cada erro da puntuación total.